En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5327**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa intención de Ferroglobe de vender as centrais hidroeléctricas do río Xallas, a súa información respecto da dispoñibilidade pola empresa dalgún borrador de plan industrial e a valoración da posibilidade de demandarlle un para as centrais de Cee-Dumbría**”, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aoos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten desestimado a proposta da empresa porque non se dan as condicións necesarias, nin se cumpren os requisitos legais, para suprimir a condición actualmente vixente na concesión que ten por finalidade garantir o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na comunitade, polo que carece das condicións que establece a propia concesión de velar polo interese público. Estes requisitos fixáronse desde o primeiro momento na folla de ruta da Administración autonómica porque a súa premisa de actuación é sempre a seguridade, tanto desde o punto de vista xurídico como social.

A maiores, cómpre subliñar que o Goberno galego actuou coa máxima transparencia e diálogo cos axentes socioeconómicos da comarca, incluídos alcaldes e traballadores, que foron puntualmente informados sobre a evolución deste asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:51:39



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 6517, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o contido exacto do proxecto elaborado pola Asociación Española de Grosistas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Productos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) para a ampliación do recinto do Instituto Feiral de Vigo, así como os resultados que se poden esperar con esta actuación de ampliación**”, (publicada no BOPG número 88 do 23 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aoos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta aprobou en xuño a ampliación en 5.000 m<sup>2</sup> do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que investirá 4,1 millóns de euros co obxectivo de incrementar a competitividade das instalacións e consolidar a celebración de eventos de referencia a nivel europeo e internacional como Conxemar e Navalía. Trala avaliación e estudo do proxecto por parte dos servizos técnicos da Xunta, o presuposto increméntase en 0,9 millóns de euros sobre o previsto inicialmente para mellorar o acondicionamento posterior da instalación.

A tramitación realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. De feito, as obras xa foron licitadas pola Axencia Galega de Infraestruturas (DOG N° 153, do 11 de agosto de 2017).

Estas obras de ampliación de Ifevi dan continuidade aos traballos xa realizados por parte da Xunta, que desde 2005 investiu 11,5 millóns de euros no recinto para impulsar a modernización e a mellora das instalacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:50:09



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 6606, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego en relación co desenvolvemento do programa de unidades mixtas de investigación, no marco da RIS3**”, (publicada no BOPG número 88 do 23 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aoos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“Desde 2014, nas tres convocatorias xa resoltas deste programa, puxéronse en marcha 24 unidades mixtas grazas a un apoio público de 23 millóns de euros, que mobilizou 84 millóns, e permitiu a creación de máis de 360 empregos de alta cualificación. Ata a data desenvolvéronse proxectos protagonizados por centros de coñecemento galegos e empresas líderes nos seus sectores como Gas Natural-Fenosa, Repsol, Roche Farma, Coren, Navantia, Vulcano, Borgwarner, Calvo ou Jealsa Rianxeira.

O pasado 8 de xuño publicouse no Diario Oficial de Galicia a cuarta convocatoria desta iniciativa á que se destinan 5 millóns de euros en axudas públicas para o período 2017-2020, co propósito de conseguir unha mobilización de 17 millóns e a xeración de 60 empregos cualificados. As axudas diríxense ás agrupacións entre un organismo de investigación e unha empresa para a creación ou consolidación de proxectos que permitan a realización de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i.

Os requisitos principais para as unidades mixtas serán que as áreas de investigación estean aliñadas cos retos estratégicos e prioridades da Estratexia RIS3; ter unha duración mínima de 3 anos; estar localizadas en Galicia; e constituídas por un único organismo de investigación e unha única empresa. O organismo de investigación ten que ser galego ou ter un centro de traballo na comuniadade. Así mesmo, préstase especial atención a aqueles proxectos nos que participen pemes co obxecto de reforzar a competitividade do tecido empresarial galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:49:30

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 7021, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a realización pola Xunta de Galicia dalgunha avaliación do impacto que tería no sector naval galego a proposta de renovación da frota pesqueira de altura nos estaleiros da comunidade autónoma, a súa posición en relación co apoio ao sector, ante o anuncio de posibles investimentos desa frota, e as principais liñas de apoio que conformarían esa estratexia, así como o mantemento de contactos cos diversos organismos europeos e do Goberno central ao respecto**”, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A renovación da frota pesqueira constitúe unha oportunidade de mercado importante para a construcción naval galega. Polo tanto, desde a Xunta de Galicia se están a desenvolver as xestións oportunas para procurar que instrumentos financeiros como o tax lease sexan aplicables ao sector da pesca e facilitar, deste xeito, a realización de novos investimentos que contribúan a consolidar a competitividade da nosa frota.

Ademais, estase a verificar a aplicabilidade dos instrumentos financeiros pertinentes para o financiamento das novas construcións de buques de pesca, tanto dos destinados a barcos de bandeira española coma daqueles que faenan ao abeiro de acordos ou empresas mixtas.

En todo caso, cómpre sinalar que Galicia xa está a recuperar o liderado da construcción naval en España, grazas ao traballo que está a facer o sector no seu conxunto para ser más competitivo. Un obxectivo que é compartido plenamente coa Xunta de Galicia e para o que contan co seu apoio.

Así pois, o sector naval galego suma contratos por valor de 2.800 millóns de euros nos últimos anos e recuperou máis de 2.200 empregos. Ademais, o naval galego logrou este 2017 o mellor comezo de ano, tras conseguir a aplicación dun novo tax lease con todas as garantías

xurídicas. Agora os estaleiros galegos lideran o sector a nivel estatal coa entrada en vigor de seis buques -dun total de nove en España- por valor de 93 millóns de euros, segundo os datos achegados por Pequenos e Medianos Estaleiros Sociedade de Reconversion (Pymar) esta mesma semana.

Neste senso, e engadido a esta carteira de pedidos, tense producido un avance na encarga de construcción de buques de pesca, tanto de bandeira española coma daqueles destinados a empresas mixtas con outros países. Así, ademais dos dez cerqueiros destinados ao caladoiro do Cantábrico e Noroeste, atópanse en proceso de renovación dúas unidades de palangre de superficie e dúas de palangre de fondo en augas comunitarias, así como outra para augas malvinas.

A maiores, hai que recordar que a frota rexistrada no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia aumentou en 2016 tanto no seu volume de arqueo coma no de potencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

# ANEXO

## Frota pesqueira por caladoiros

## ■ Frota pesqueira por caladoiros ■

| Datos agregados                          | Buques       |               | Distribución   |               | Arqueo         |               | Potencia       |               |
|--|--------------|---------------|----------------|---------------|----------------|---------------|----------------|---------------|
|  | Nº           | % Var         | %              | Var %         | GT             | % Var         | CV             | % Var         |
| <b>C. Nacional (Cantábrico-Noroeste)</b> | <b>4.257</b> | <b>-0,09%</b> | <b>96,09%</b>  | <b>0,08%</b>  | <b>44.893</b>  | <b>-1,12%</b> | <b>208.626</b> | <b>1,74%</b>  |
| Arrastre                                 | 67           | -4,29%        | 1,51%          | -0,06%        | 15.272         | -4,38%        | 30.663         | -4,19%        |
| Artes menores                            | 3.930        | -0,05%        | 88,71%         | 0,11%         | 8.779          | 0,70%         | 113.204        | 4,30%         |
| Cerco                                    | 148          | 0,68%         | 3,34%          | 0,03%         | 6.004          | 1,79%         | 31.810         | 0,65%         |
| Enmalle                                  | 32           | 0,00%         | 0,72%          | 0,00%         | 1.935          | 1,31%         | 5.961          | 0,42%         |
| Palangre de fondo                        | 28           | 0,00%         | 0,63%          | 0,00%         | 1.487          | 0,00%         | 5.310          | 0,00%         |
| Palangre de superficie                   | 52           | 0,00%         | 1,17%          | 0,00%         | 11.417         | 0,00%         | 21.677         | 0,00%         |
| <b>Pesqueiras comunitarias</b>           | <b>69</b>    | <b>-4,17%</b> | <b>1,56%</b>   | <b>-0,06%</b> | <b>19.685</b>  | <b>-5,82%</b> | <b>38.293</b>  | <b>-4,89%</b> |
| Arrastre                                 | 25           | -13,79%       | 0,56%          | -0,09%        | 7.824          | -16,51%       | 14.756         | -14,21%       |
| Palangre de fondo                        | 44           | 2,33%         | 0,99%          | 0,02%         | 11.861         | 2,86%         | 23.537         | 2,06%         |
| <b>Pesqueiras internacionais</b>         | <b>104</b>   | <b>-0,95%</b> | <b>2,35%</b>   | <b>-0,02%</b> | <b>78.989</b>  | <b>4,14%</b>  | <b>124.824</b> | <b>3,14%</b>  |
| Arrastre                                 | 33           | 3,13%         | 0,74%          | 0,02%         | 43.743         | 6,91%         | 63.188         | 7,68%         |
| Cerco                                    | 3            | 0,00%         | 0,07%          | 0,00%         | 8.002          | 0,00%         | 13.525         | 0,00%         |
| Palangre de superficie                   | 68           | -2,86%        | 1,53%          | -0,04%        | 27.244         | 1,15%         | 48.111         | -1,46%        |
| <b>Frota de pesca</b>                    | <b>4.430</b> | <b>-0,18%</b> | <b>100,00%</b> | <b>0,00%</b>  | <b>143.567</b> | <b>0,99%</b>  | <b>371.743</b> | <b>1,47%</b>  |



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:39:12



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7246**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre “**a consideración polo Goberno galego da opinión dos propietarios e das asociacións de albergues turísticos para a redacción do Decreto 48/2016, do 10 de agosto, de vivendas vacacionais e vivendas de uso turístico, a súa valoración respecto do seu desenvolvemento dende a súa entrada en vigor e as posibles melloras detectadas**”, (publicada no BOPG número 97 do 16 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Durante a redacción do Decreto 48/2016 non existían asociacións de albergues turísticos en Galicia, polo que se consultou tanto co sector hoteleiro, xa que os albergues eran unha modalidade de pensión e polo tanto un establecemento hoteleiro, como co resto do sector turístico a través do Consello de Turismo de Galicia.

En ausencia de asociacións específicas, mantivéronse, así mesmo, reunións cos responsables e propietarios de diversos albergues para coñecer a súa opinión e que puideran facer as súas apartacións que melloraran o texto do decreto.

O proxecto de decreto foi exposto, ademais, á información pública para que calquera interesado puidera facer as súas alegacións.

O decreto supón levar a cabo unha regulación específica para este tipo de aloxamento que non existía con anterioridade ao estar comprendido dentro das especialidades de pensión.

Así mesmo, con esta nova normativa deuse un paso na modernización da regulación introducindo as novas tecnoloxías, a racionalización nas esixencias de espazos e servizos, na categorización e na calidade ao esixir medidas mais acordes coa normativa de habitabilidade. Todo isto dentro da

realidade dos albergues e o sector xa existente.

Como toda norma é preciso que se aplique e se consolide para apreciar novas necesidades ou aspectos de mellora.

Actualmente se trata de dar un paso na calidade ao que se debe adaptar o sector, sempre tendo como obxectivo a mellora continúa e facer do Camiño de Santiago un destino de excelencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:49:02



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7247**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre “os datos referidos aos albergues turísticos existentes en cada una das provincias galegas, especificados por concellos, e o número de turistas aloxados neles, así como nos albergues públicos no ano 2016”, (publicada no BOPG número 97 do 16 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Durante o pasado ano 2016, os servizos de inspección turística da Xunta de Galicia realizaron un total de 237 inspeccións nos albergues turísticos de Galicia. Estas distribúense do seguinte xeito: 107 inspeccións na provincia da Coruña, 81 en Lugo, 9 en Ourense e 40 na provincia de Pontevedra. No referido aos albergues de titularidade pública, cómpre sinalar que, de acordo co artigo 53.2 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, quedan excluídos do ámbito de aplicación desta norma os albergues de peregrinos de titularidade pública que se rexen polas súas normas específicas, polo que nestes non se realizaron actuacións por parte dos servizos de inspección turística da Xunta de Galicia.

En canto ás conclusións das inspeccións, estas son moi variables. Hai albergues de moi boa calidade que respectan a normativa e ofrecen un bo servizo ao peregrino e outros que, pola contra, ofertan exceso de prazas ou cometan deficiencias nos servizos. Estes últimos son sempre requiridos para que subsanen os seus fallos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:48:54



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Data 28/09/2017 15:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7791**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego respecto da posta en marcha da Estratexia RIS3**”, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, RIS3, mostra a aposta do Goberno galego pola innovación como un dós piarez do crecemento e a mellora da competitividade do noso tecido produtivo, a cal se sustenta en tres grandes retos: a mellora da competitividade da Industria 4.0 e a diversificación da industria; a xestión innovadora de recursos naturais e culturais; e o desenvolvemento dun novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

No marco desta Estratexia lévase mobilizado 786 millóns de euros desde a súa orixe no ano 2014, a partir dun investimento público de 429,3 millóns, que se canalizou a través de 1.700 axudas. As axudas ás empresas ascenderon a un total de 263 millóns de euros cos que se mobilizaron 558 millóns e o 48% delas foron destinadas as pemes. Por outra banda, ás axudas ás grandes empresas para que desenvolvan a súa I+D+i en Galicia, conseguiron un efecto mobilizador de 1,6 euros por cada euro público investido.

Esta capacidade de mobilización está sendo posible grazas ao esforzo investidor da Xunta e á solvencia das contas públicas galegas. Neste sentido, engadir que as axudas captadas por Galicia no programa Horizon 2020 sumaron 48,6 millón de euros, e dicir, 2,4 veces

máis que o conseguido no período anterior, o que reflicte unha clara mellora na capacidade dos axentes do Sistema Galego de I+D+i para competir a nivel internacional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:47:27



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Data 28/09/2017 15:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7804**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a información requirida ao Goberno galego polo Goberno central en relación cos tributos autonómicos á actividade eléctrica en Galicia, os datos ao respecto e, se é o caso, a defensa que vai realizar para evitarles ás persoas consumidoras o pagamento dun suplemento territorial no recibo da electricidade**”, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar cómpre sinalar que as ordes de peaxe ás que se refiren as Sentencias do Tribunal Supremo se limitan ao ano 2013 e que estas tiveron a súa orixe nunha redacción establecida polo Real Decreto Lei 20/2012 que non está vixente.

De feito, a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, considera o establecemento de suplementos territoriais como unha facultade potestativa. En concreto a redacción do artigo 16.4 é como segue: ‘En caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao fornecemento eléctrico fosen gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas ou recargas sobre tributos estatais, na peaxe de acceso ou cargo que corresponda poderase incluír un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recarga e que deberá ser aboadado polos consumidores do ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma’.

En segundo lugar, sinalar que a Xunta ten atendido a petición de información do Ministerio de Energía, Turismo e Axenda Dixital sobre os datos de recadación nese ano relativos ao imposto sobre contaminación atmosférica, o imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de augas embalsadas, o canon de saneamento e o canon eólico; razoando xuridicamente a improcedencia dunha posible consideración como suplemento territorial ao tratarse de tributos de natureza ambiental que nada teñen ver coa subministración de enerxía eléctrica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:47:05



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Data 28/09/2017 15:45

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8330**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os resultados da aplicación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia**”, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aoos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia crea un novo marco normativo para o fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i) na comunidade galega. Tratábase dunha necesidade básica dado que substitúe o marco definido pola Lei 12/1993, que non permitía un axeitado avance do Sistema Galego de I+D+i (SGI) como motor de crecemento económico.

Ata o momento, ao abeiro desta lei, adoptáronse unha serie de medidas estruturais claves para camiñar no proceso de transformación do modelo produtivo galego dende un modelo de intensidade tecnolóxica media-baixa a outro caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, obxectivo xeral que recolle tamén o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 de impulso dun crecemento económico de Galicia baseado na innovación e o capital humano.

Dentro destas medidas, a elaboración da Estratexia Galega de Especialización Intelixente (RIS3), definida a través dun amplo proceso participativo de todos os axentes do SGI - máis de 200- e da sociedade en xeral, pon de manifesto un claro cambio na gobernanza das políticas de I+D+i en Galicia, en liña coas directrices europeas e internacionais dos

últimos anos, así como coa aposta deste Goberno pola innovación como motor de crecemento.

Concretamente, este cambio basease, de xeito coherente e coordinado coa políticas nacionais e europeas, no seguintes piares:

- Concentración temática e instrumental dos recursos para adaptalos ás necesidades do tecido empresarial galego e conseguir un impacto maior e más efectivo (especialización).
- Instrumentos de apoio orientados a resultados para conseguir unha maior mobilización do investimento privado
- Instrumentos coordinados con outras fontes de apoio público, tanto estatais como europeas, para:
  - evitar solapamentos entre elas;
  - asegurar a existencia de apoios en toda a cadea de valor da I+D+i;
  - e potenciar o acceso dos axentes do SGI a outros fondos.

Así pois, puxérонse en marcha programas novedosos dentro dun completo mapa de apoio á innovación, e concretamente en materia de transferencia, ata o de agora nunca levados a cabo. Serva de exemplo as actuacións relacionadas coa compra pública innovadora no que Galicia é pioneira, tanto polo seu esforzo lexislativo e normativo como polas diferentes iniciativas impulsadas; ou o Programa Ignicia de proba de concepto, no que tamén somos un referente a nivel do Estado.

Como indicador de que estes desenvolvimentos levados a cabo no marco definido pola Lei 5/2013 están servindo a Galicia para converterse nunha rexión máis competitiva -capaz de desenvolver unha I+D+i de excelencia sobre a que pivotar un novo modelo económico- debe considerarse a mellora acadada nos resultados das entidades galegas no programa Horizon 2020. Así, cabe mencionar que as axudas da Unión Europea captadas pola nosa comunidade neste programa suman un total de 48,6 millóns de euros, o que supón dobrar os resultados acadados no anterior Programa Marco de la UE de I+D+I 2007-2013 (FP7) nun período equivalente, é dicir, os dous primeiros anos.



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Así mesmo, Galicia rexistra unha evolución positiva no esforzo en I+D en relación ao PIB, dado que crece nun 2,3% entre os anos 2013 e 2015, mentres que a media estatal descende. Neste período, ademais, o esforzo en I+D empresarial per cápita mostrou na nosa comunidade unha recuperación do 5,2%, que foi máis do dobre da rexistrada polo Estado. Xa no tocante ao gasto público, mencionar que o incremento galego foi do +10,5%, dato que supera significativamente o acadado a nivel estatal .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:45:38



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Data 28/09/2017 15:45

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8331**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia**”, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aoos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“A aprobación da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade de Galicia, publicada no DOG do 27 de decembro, supuxo o establecemento dun novo marco de apoio integral á implantación de novos proxectos empresariais na comunidade galega e á aplicación de máis e mellores instrumentos para facilitar o reforzamento da competitividade das empresas xa existentes.

De feito, ao abeiro desta lei desenvolvéronse iniciativas dirixidas á simplificación administrativa como a eliminación da necesidade dunha licenza previa para abrir un negocio en Galicia ou a creación da Oficina Doing Business, coa vontade de axilizar a interlocución de emprendedores e empresas coa Xunta e avanzar na eliminación de obstáculos que poidan atopar na súa actividade económica. Igualmente, esta norma posibilitou unha máis estreita coordinación de todos os instrumentos públicos e privados de formación e asesoramento existentes na comunidade para facilitar o deseño, a avaliación, a posta en marcha, a aceleración e a consolidación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación de vías de apoio financeiro.

As máis de 8.500 empresas creadas en Galicia nos anos 2015 e 2016 demostran o impacto positivo destas medidas e que somos unha terra de oportunidades para emprender. Unha tendencia que continúa neste ano, con 2.655 firmas constituídas ata o mes de xullo, o que supón máis de doce novos negocios ao día .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:45:30



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8980**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego e a decisión que vai adoptar respecto da solicitude da empresa Ferroatlántica de modificación das condicións da concesión, así como da autorización da venda das centrais hidroeléctricas do río Xallas**”, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aoos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten desestimado a proposta da empresa porque non se dan as condicións necesarias, nin se cumpren os requisitos legais, para suprimir a condición actualmente vixente na concesión que ten por finalidade garantir o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na comunidade, polo que carece das condicións que establece a propia concesión de velar polo interese público. Estes requisitos fixáronse desde o primeiro momento na folla de ruta da Administración autonómica porque a súa premisa de actuación é sempre a seguridade, tanto desde o punto de vista xurídico como social.

A maiores, cómpre subliñar que o Goberno galego actuou coa máxima transparencia e diálogo cos axentes socioeconómicos da comarca, incluídos alcaldes e traballadores, que foron puntualmente informados sobre a evolución deste asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:42:25



# XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/09/2017 16:30  
Nº Rexistro: 17894  
Data envío: 29/09/2017 14:18:00.606

Data 29/09/2017 14:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 9013, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a estratexia da Xunta de Galicia en relación coa solicitude formal presentada por Ferroatlántica a Augas de Galicia para a segregación das súas actividades de producción de enerxía eléctrica e de ferroalíaxes e a posible venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande, as súas previsións respecto do mantemento das xuntanza comprometidas cos alcaldes da Costa da Morte e cos traballadores, así como os contactos mantidos ao respecto cos representantes da empresa**”, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten desestimado a proposta da empresa porque non se dan as condicións necesarias, nin se cumpren os requisitos legais, para suprimir a condición actualmente vixente na concesión, que ten por finalidade garantir o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo na comarca, polo que carece das condicións que establece a propia concesión de velar polo interese público. Estes requisitos fixáronse desde o primeiro momento na folla de ruta da Administración autonómica porque a súa premisa de actuación é sempre a seguridade, tanto desde o punto de vista xurídico como social.

A maiores, cómpre subliñar que o Goberno galego actuou coa máxima transparencia e diálogo cos axentes socioeconómicos da comarca, incluídos alcaldes e traballadores, que foron puntualmente informados sobre a evolución deste asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 14:17:50



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18080  
Data envío: 03/10/2017 15:20:27.703

Data 03/10/2017 15:20

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10489**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as razóns polas que permanecen pechadas ao público as piscinas do Parque Tecnolóxico de Galicia en Ourense**”, (publicada no BOPG número 132, do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**, que ten o seguinte contido:

“Os motivos que teñen provocado a imposibilidade de apertura ao público da piscina son o seu estado de situación, coa necesidade de axustar o dito espazo á normativa de aplicación, así como a solicitude da concesión por parte do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. que, tras un estudo xurídico e técnico, tamén inclúe as parcelas de uso deportivo sobre as que se sitúa a piscina, para acadar, deste xeito, unha xestión ordenada, directa e eficaz de todo o seu patrimonio.

En todo caso, cómpre mencionar que no último Consello de Administración do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., os seus membros acordaron solicitar un estudo de valoración económica para o acondicionamento da zona deportiva.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:20:23



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/09/2017 12:43  
Nº Rexistro: 17881  
Data envío: 29/09/2017 12:43:03.726  
Data 29/09/2017 12:42

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2742**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as peticións das asociacións de montes veciñais en man común de modificar o Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, para mellorar o reinvestimento dos ingresos obtidos para actuacións de mellora e protección forestal e facilitar a súa tramitación**”, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido: incluída

“Recentemente o Consello da Xunta autorizou o inicio da tramitación para modificar dous decretos relacionados coa normativa dos Montes Veciñais en Man Común (MVMC) co fin de axilizar os trámites dos proxectos que pretendan levar a cabo as comunidades nos seus terreos. O obxectivo último é seguir mellorando a política forestal e facilitando as actuacións aos propietarios.

Os principais cambios establecense no decreto 23/2016, do 25 de febreiro, que regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos MVMC. Precisamente unha das modificacións refírese á posibilidade de reducir a cota de reinvestimento, que está estipulada nun mínimo do 40%, salvo naqueles ingresos xerados a partir dos produtos derivados de incendios forestais, pragas ou temporais que é dun 100%. Crearase así un formulario específico para solicitar esta diminución e estipularanse criterios para resolver as solicitudes. A idea é que esta porcentaxe estea vinculada á cantidade total de cotas de reinvestimento pendentes o que resulta más lóxico e eficaz.

Do mesmo xeito, desenvólvese tamén o procedemento de aprobación dos plans de investimentos plurianuais. Isto é importante porque esta programación permite acomodar os vencementos das cotas de reinvestimento ao ritmo real que marque o proxecto de ordenación. Ademais, dados os paralelismos existentes entre este mecanismo co anterior de redución de cota, ofrecerase a posibilidade de solicitar os dous ao mesmo tempo.

Con este decreto modificarase tamén o formulario a través do cal se fan as comunicacións de ingresos e investimentos das comunidades veciñais. Coa mellora que se vai introducir o cálculo da variación no calendario de vencemento de cotas será automático. Ademais, a partir de agora, separarase a información relativa a cada monte de xestión pública dos terreos que manteñen a xestión privada co fin de coñecer máis en profundidade e de xeito más claro como se aplican ambos proxectos nos montes.

Por último, engádense dous novos criterios para beneficiar aos comuneiros: as subvencións dirixidas á xestión forestal e os préstamos xa non xerarán novas cotas de reinvestimento. No primeiro caso, porque as axudas públicas cobradas en anos posteriores ás accións que se subvencionaban xeraban unha nova cota de reinvestimento a futuro imposible de cubrir e no segundo, porque un préstamo non é un ingreso real dado que leva asociado a obrigación de devolver o capital.

Doutra banda, modificarase tamén o decreto 260/1992, do 4 de setembro, que establece o regulamento para executar a Lei de Montes Veciñais en Man Común. A finalidade é habilitar os procedementos electrónicos a través dos cales as comunidades de montes terán que desenvolver nun futuro todos os seus procedementos, como as solicitudes de clasificación de montes, a modificación de datos rexistrals, as ocupacións e servidumes, etc. Así, cúmprese coa normativa que establece que todas as persoas xurídicas deberán comunicarse coa administración vía electrónica. Deste xeito, contribúese de novo a axilizar as tramitacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:42:57



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2017 09:36:43.733  
Nº Rexistro: 17941  
Data envío: 02/10/2017 09:36:43.733  
Data 02/10/2017 09:36

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2747**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as liñas de axudas para que as comunidades de montes veciñais en man común poidan dotarse de instrumentos de xestión e do selo de certificación forestal**”, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, debemos sinalar que a data para que as comunidades de montes se doten dun plano de ordenación é o 8 de maio de 2020 en aplicación da disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Con todo, a disposición transitoria segunda do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, permite que calquera persoa propietaria ou titular dun monte, independentemente da súa titularidade, condición ou superficie en coto redondo, e só para os efectos previstos en materia de obtención de beneficios, tales como axudas relativas ao desenvolvemento rural, comunique a súa adhesión aos referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal. Esta excepción caducará o 8 de agosto de 2018, pero está a tramitarse a súa modificación para que coincida co 8 de maio de 2020.

Así mesmo, atópase en tramitación unha *Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020*.

É unha orde complexa dirixida a todo tipo de propietarios forestais que está na súa fase final de tramitación. Incluirá unhas bases reguladoras e unha convocatoria bianualizada para os

años 2018 e 2019. Tramitarase como anticipada de gasto e contemplará un orzamento de 2 millóns de euros para 2018 e 2 millóns de euros para 2019. As bases reguladoras da orde permitirán realizar sucesivas convocatorias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:36:37



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3102**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o número de perceptores en Galicia de axudas do pago único da PAC desde o ano 2013 ata o ano 2016, así como a realización dalgunha análise dos factores que inflúen nela**”, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“A evolución do número de perceptores de axudas PAC dende 2013 a 2017 descendeu en Galicia, da mesma forma que o fixo noutras Comunidades Autónomas e noutros países da Unión Europea. Pero este descenso do número de solicitudes non se reflicte nos importes totais percibidos polo agro galego, que se manteñen constantes ou incluso son superiores nos últimos anos.

Este descenso débese principalmente ao peche de explotacións agrícolas e gandeiras por xubilación dos seus propietarios.

Comprobamos que descende o número de solicitudes realizadas por persoas físicas pero pola contra aumenta o número de solicitudes realizadas por persoas xurídicas. A maior parte das novas altas de beneficiarios son de persoas xurídicas (entidades con 2 ou máis socios)

As novas entidades xurídicas creadas están formadas polo xeral por xoves agricultores con mellor formación e que fusionan as súas explotacións que son de maior tamaño e rendemento.

O número de socios das 2.914 entidades xurídicas que solicitan a PAC en 2016, foi de 7.335.

No relativo á análise dos factores, o factor máis salientable é a elevada idade dos agricultores e gandeiros, que moitas veces non teñen un substituto.

En canto aos factores citados, a reforma realizada na PAC a partires da campaña de 2015 coa aplicación do requisito de agricultor activo, non parece ser significativa en Galicia e non inflúe maioritariamente no descenso de solicitudes.

Sí ten unha maior incidencia o establecemento do límite mínimo de 100 € aplicado en 2015, 200 € en 2016 e 300 € en 2017 para ter dereito á axuda. Este feito non supón para os agricultores e gandeiros galegos un problema, ao contrario, consideramos positiva esta medida xa que perden o dereito á axuda explotacións con unha actividade agraria que podemos considerar marxinal e os importes pasan a incrementar as cantidades a percibir polos outros solicitantes.

No relativo á eliminación de axudas a pastos arbustivos, non responde á realidade xa que as superficies seguen sendo válidas mentres estean en bo estado (agás as inferiores a 3.000 m<sup>2</sup> que non sexan colindantes con outro recinto de pasto).

Por este motivo estableceuse un maior control sobre estas superficies, pero calquera pasto arbustivo superior aos 3.000 m<sup>2</sup> pode ser declarado se está sendo utilizado, e mediante un control se verificará este uso e será válido para xustificar dereitos nunha explotación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:58:18



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4507**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre “**as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para previr a praga da pataca ocasionada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora* Povolny), a posible indemnización das perdas no caso de que se prohiba a súa plantación e a delimitación das zonas afectadas**”, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural púxose a traballar dende o primeiro momento no que se detectou en Galicia a praga da *Tecia Solanivora* Povolny, comunmente coñecida como polilla da pataca ou couza guatemalteca da pataca. O día 3 de novembro de 2015 publicouse unha Resolución pola que se establecían as medidas obligatorias e recomendadas para os produtores e os almacéns comercializadores.

Con base nas actuacións levadas no ano 2015, elaborouse un Plan de Acción para o ano 2016, no se que establecían unha serie de medidas de control, ademais de medidas complementarias. Así mesmo, demarcouse a afectación da praga nestes 31 concellos de Galicia:

**A Coruña:** Ares, Cabanas, A Capela, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño e Valdoviño.

**Lugo:** Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Vicedo, Lourenzá, Mondoñedo, Ouro, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, Viveiro, Xove.

Neste sentido debemos deixar claro que nas zonas produtoras de pataca como Xinzo, Bergantiños e a Terra Cha estableceronse trameos e que como resultado hai que dicir que están totalmente libres da praga.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o 10 de marzo unha resolución da Consellería do Medio Rural ao respecto da couza da pataca a través da cal se desenvolve o Real Decreto 197/2017 do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de Tecia solanivora. A través deste documento concrétanse todas as accións prohibidas e as actuacións a levar a cabo para erradicar esta praga de forma urgente. Para as zonas infestadas, a resolución autonómica insiste na prohibición do cultivo de pataca durante dous anos, así como o levantamento e destrucción das patacas xa plantadas tanto neste ano coma en anteriores. Ademais, será preciso levar a cabo un tratamento fitosanitario nas parcelas de cultivo.

Así mesmo, o 30 de xuño de 2017 reuniese a comisión técnica de seguimento da couza guatemalteca da pataca, na que están representados, ademais da Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e a Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia. Este ente naceu co obxectivo de compartir a información ao respecto das medidas de control que se están levando a cabo, así como da evolución da praga. No mes de xullo, a Consellería do Medio Rural comezou a abonar as indemnizacións pola retirada de pataca nas zonas afectadas pola praga da couza guatemalteca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 11:11:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 4569, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre “**as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dunha liña de axudas para indemnizar os agricultores e gandeiros afectados polos cortes de luz e os danos producidos polo temporal rexistrado en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017**”, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“Os temporais de febreiro de 2017 tiveron como principal consecuencia nas explotacións agrarias da nosa comunidade autónoma os cortes de luz que impediron a realización dalgunhas actividades para as que se necesita a enerxía eléctrica para o seu desenvolvemento. A mais importante, por ser inaprazable, é a tarefa de muxido nas explotacións leiteiras da nosas comunidade xa que a non realización diaria pode dar lugar a perda da lactación da vaca acompañada de danos fisiológicos que poden levar a que esas vacas non so perdan esa lactación senón que tarden ou non sexan capaces de volver a ter unha actividade reprodutiva normal.

Os cortes de luz producidos e que nalgúns casos duraron varios días soamente poden ser solventados se as explotacións dispoñen de xerados de enerxía alternativos que funcionen con combustibles fósiles.

De todos os xeitos os responsables destes cortes de luz son as compañías subministradoras de enerxía que teñen o compromiso de manter en todo momento o mesmo, e en caso de avaría repoñer o servizo no tempo mais curto posible. No caso de que durante este tempo sen subministro se produzcan perdidas económicas aos usuarios estes teñen dereito a reclamar ás empresas polos danos sufridos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:24:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4691**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos referidos ao número total de traballadores ocupados no sector primario, as causas da perda de afiliacións á Seguridade Social e as medidas previstas para frear a destrución de postos de traballo nas comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño, así como a creación de emprego no seu sector agrogandeiro**”, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego fai unha valoración positiva da ocupación laboral. Tendo en conta os últimos datos, o paro cae en Galicia un 2,44% respecto ao mes de abril, e no sector da agricultura o fai un 1,79% ata os 7.386 parados, o mellor dato nun mes de maio dende 2011.

No interanual, mentres Galicia acada unha caída do 9,45%, no noso sector acadamos unha caída do 10,64%, con 879 parados menos que en 2016. Ademais no que vai de ano, no período xaneiro - maio, a caída supera tamén o 10% (10,36%), mentres que o total de Galicia cae un 5,87%.

En canto aos contratos formalizados no mes de maio en agricultura, acadouse un incremento do 11,85% respecto ao mesmo mes de 2016, con 234 más, ata acadar 2.209 contratos nun mes.

Polo que debemos ter en conta que, no que vai de ano o incremento respecto aos cinco primeiros meses de 2016 é dun 9,91%.

O rural precisa de actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida, sempre tendo en conta criterios de protección ambiental. Por este motivo elaboramos o Plan de fixación da poboación no medio rural, cunha dotación orzamentaria de preto de 231 millóns de euros.

O seu principal obxectivo é a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxenos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

O plan xira arredor de seis grandes eixos, que pasan pola cohesión territorial, a innovación e a formación, a agricultura sustentable, a mellora da competitividade, a remuda xeracional e a

cooperación. Cada un deles desenvólvese en diferentes medidas (23 en total) dotadas co seu correspondente orzamento.

Con este conxunto de iniciativas está previsto crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e actuarase poñendo en valor case 330.000 hectáreas desde o punto de vista agrogandeiro e forestal, no período 2017-2020. Estes indicadores forman parte do plan, no que se especifican as previsións derivadas de cada unha das medidas.

Salientan os fondos destinados á cohesión territorial (algo máis de 72 millóns de euros), á remuda xeracional (65 millóns) e ao fomento da agricultura sustentable (35,6 millóns). Para mellora da competitividade están orzamentados case 41 millóns de euros, para innovación e formación outros 10,3 millóns e para impulso da cooperación preto de 7 millóns. Así, o total do investimento contemplado no plan supera os 230 millóns de euros.

A posta en marcha deste plan xorde da loita que a Xunta de Galicia leva a cabo de forma transversal contra a despoboación do rural. A realidade actual é que a pesar de que o 97,8% dos concellos defínense como rurais (son 263 municipios, que abarcan o 90% do territorio), estas zonas reúnen só o 39,7% da poboación.

Todas as medidas contempladas neste plan terán unha repercusión positiva sobre os habitantes do rural tanto das comarcas de Terras de Celanova e O Carballiño, como no resto dos concellos do rural galego, ben sexa para mellorar as súas rendas ben para consolidar as súas explotacións ou facilitar unha remuda xeracional no agro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:36:48



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4761**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os mecanismos de interlocución postos en marcha polo Goberno galego co sector agrícola en relación coa corentena decretada a causa da praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca, as medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicarla e as previsións respecto do establecemento de compensacións económicas ou axudas para paliar as perdas das explotacións**”, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 21.02.2017 pola Conselleira do Medio Rural ao darlle resposta á pregunta 4974 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 10:30:09



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número 5441**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre “**as previsións da Xunta de Galicia respecto da convocatoria dunha liña de axudas para a ordenación do monte destinada ás comunidades de montes veciñais en man común e a aqueles propietarios particulares que necesiten un plan de ordenación**”, (publicada no BOPG número 76, do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente está en tramitación unha Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

É unha orde dirixida a todo tipo de propietarios forestais que está na súa fase final de tramitación. Incluirá unhas bases reguladoras e unha convocatoria bianualizada para os anos 2018 e 2019. Tramitarase como anticipada de gasto e contemplará un orzamento de 2 millóns de euros para 2018 e 2 millóns de euros para 2019. As bases reguladoras da orde permitirán realizar sucesivas convocatorias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:51:22



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5575**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións impulsadas polo Goberno galego para diferenciar o leite galego de calidade, as levadas a cabo para a súa promoción, e o seu custo**”, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“Galega 100%, é o selo auspiciado pola Consellería do Medio Rural que avala a identificación do leite galego de calidade diferenciada. Galega 100% nútrese do leite producido nas ganderías incorporadas ao Rexistro galego de explotacións de calidade diferenciada, creado polo Decreto 57/2010, do 8 de abril, e modificado polo Decreto 228/2011, do 24 de novembro, para endurecer as condicións de integración.

Deste xeito, Galega 100% ofrece hoxe un produto da máxima calidade, suxeito aos controis dos servizos veterinarios oficiais da Xunta de Galicia, e garantido pola certificación de calidade do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL).

Por primeira vez na historia do sector lácteo, a industria transformadora colabora coa distribución e a Administración pública na promoción dun produto alimentario galego de alta calidade. Este feito sen precedentes representa unha boa noticia máis no proceso de vertebración do sector lácteo galego.

O sector lácteo galego concentra as súas posibilidades de recuperación e desenvolvemento na apostar clara pola calidade do produto, motivo polo cal a consellería do Medio Rural impulsa medidas e accións que incentiven o consumo e a demanda de lácteos Galega 100%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 11:11:56



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/09/2017 12:34  
Nº Rexistro: 17865  
Data envío: 29/09/2017 12:34:04.988  
Data 29/09/2017 12:33

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión número: 6892, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as medidas previstas polo Goberno galego diante do aumento dos incendios durante o inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense**”, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 25.04.2017- pola conselleira do Medio Rural, ao darlle resposta á pregunta 6893 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:34:00



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8482**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre “**as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia para paliar os danos e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense, así como para garantir a recuperación das zonas afectadas**”, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DO MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia estivo desde o primeiro día actuando en colaboración con todas as denominacións de orixe afectadas para valorar e intentar minimizar no posible os danos producidos polas xeadas a finais de abril de 2017.

Os técnicos da Consellería do Medio Rural visitaron as zonas afectadas, e en colaboración con Agroseguro, realizaron unha estimación dos danos, que alcanzan valores diferentes por zonas, desde valores do 80% ata o 40% nas zonas mais afectadas dos vales do interior, das DO Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras.

Dado o estado de brotación das viñas nese momento na que se xearon moitos dos acios, a consellería en colaboración cos técnicos da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en Leiro, editaron unhas recomendacións para realizar unha repoda e intentar provocar así unha nova brotación nas viñas; ademais destas recomendacións realizouse unha xornada formativa nesta estación, á que asistiron todos aqueles viticultores que o solicitaron.

Na orde de axudas de reconversión e reestruturación de viñedo publicada con posterioridade a estes danos, priorizáronse as axudas aos viñedos que estiveran en zonas afectadas polas xeadas e tiveran danos nas súas viñas.

Convocouse a Comisión Territorial de Seguros Agrarios para estudar a situación das liñas de seguros de uva para vinificación. Nesta reunión plantexouse a necesidade de actualizar estas liñas de seguros para adaptarse á realidade de cada Denominación de Orixe, tanto no que se refire á actualización dos presos da uva, como dos rendementos das mesmas.

Tamén se celebrou unha reunión do grupo de traballo coas 5 denominacións de orixe, nas que se lles plantexou a necesidade de que realizaran as súas propostas para poder actualizar a liña para a campaña 2017/2018. Estas DO así o fixeron, e por parte da Consellería do Medio Rural enviáronse estas propostas a ENESA, que procedeu a actualizar os prezos da maioría das variedades nestas DO.

A Consellería do Medio Rural participou en Madrid en varias reunións, organizadas polo Ministerio de Agricultura, do grupo de traballo de adversidades climáticas, e nestas se decidiu a convocatoria de axudas de liquidez ás explotacións por medio da subvención dos avais a explotacións que tiveron danos climáticos, tanto se tiveran un seguro contratado como as que non o tiveran.

Realizouse unha valoración de danos por zonas para que a finais de ano se poda facer unha proposta ao Ministerio de Facenda para realizar unha diminución dos módulos do IRPF naquelas zonas mais afectadas polas xeadas. Ademais realizáronse xestións co IGAPe para que convocara unha liña de axudas de liquidez e moratoria ás explotacións afectadas por danos climáticos adversos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 10:32:54



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8546, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as medidas adoptadas polo Goberno galego para avaliar os danos ocasionados pola xeadas no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei, así como as axudas postas en marcha ou previstas para apoiar as explotacións afectadas**”, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“Os técnicos da Consellería do Medio Rural visitaron as zonas afectadas, e en colaboración con Agroseguro realizaron unha estimación dos danos, que alcanzan valores diferentes por zonas, desde valores do 80% ata o 40% nas zonas mais afectadas dos vales do interior das DO Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras.

Dado o estado de brotación das viñas nese momento na que se xearon moitos dos acios, a Consellería en colaboración cos técnicos da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en Leiro editaron unhas recomendacións para realizar unha repoda o mais axiña posible para intentar provocar unha nova brotación nas viñas; ademais destas recomendacións realizouse unha xornada formativa nesta estación, á que asistiron todos aqueles viticultores que o solicitaron”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:44:09



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8629**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre “**as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación cos incendios provocados en Galicia, a súa opinión respecto da necesidade de considerar os efectos do cambio climático para reformular as medidas de loita contra o lume, así como as que vai levar a cabo en relación co abandono do agro e a súa incidencia no seu incremento.**”, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“Galicia está preparada para actuar no caso de ser necesario. Durante o período de risco medio de incendio dispoñemos de preto de 3.000 persoas traballando no dispositivo antilumes (que chegan a 7.000 na tempada de alto risco, que coincide co verán), 10 helicópteros (que serán uns 30 en época de perigo alto) e máis de 260 motobombas. Trátase dun dos dispositivos más potentes a nivel estatal e que varía segundo as necesidades do momento.

A maioría de incendios que sufrimos en Galicia son provocados intencionadamente. En concreto, os lumes provocados de xeito voluntario dende 2006 representan máis do 75% do total, é dicir, 3 de cada 4 incendios ocorridos na nosa comunidade foron intencionados. No que vai de ano, esta porcentaxe mantense superior ao 73%. Por iso, a Consellería do Medio Rural apela á colaboración da poboación para localizar incendiarios e evitar que estes aproveiten as condicións meteorolóxicas adversas para provocar lumes que mostren a súa peor cara.

A Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia detivo en 2014 a 75 persoas por delitos relacionados con incendios forestais. En 2015 foron 71 as detencións polo mesmo motivo, e en 2016, un total de 73. Nestes tres anos, detectáronse dúas persoas reincidentes. Hai que ter en conta que, ás actuacións desenvolvidas pola Unidade da Policía

Adscrita, súmanse as realizadas polas outras Forzas de Seguridade dependentes do Estado e despregadas en Galicia.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:23:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/09/2017 12:30  
Nº Rexistro: 17857  
Data envío: 29/09/2017 12:30:35.783  
Data 29/09/2017 12:30

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 9247**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as medidas de prevención e de extinción de incendios forestais postas en marcha polo Goberno galego durante o inverno-primavera 2016-2017, as súas previsións respecto do incremento dos recursos destinados ao colectivo de traballadores que se dedican a esas tarefas, así como a dispoñibilidade de mecanismos específicos para as zonas con especial protección medioambiental**”, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 9250 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.””

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:30:26



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número 9880**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre “**as zonas de cultivo de cereal e de castiñeiro afectadas polas xeadas acaecidas nos últimos días do mes de abril de 2017 en Galicia, a cuantificación dos danos ocasionados e as liñas de axuda previstas polo Goberno galego para paliar os seus efectos, nomeadamente neses cultivos.**”, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia estivo desde o primeiro día actuando e traballando para valorar e intentar minimizar no posible os danos producidos polas xeadas a finais de abril de 2017.

A zona de cultivo de cereal afectada polas xeadas é da comarca da Limia e, no relativo aos castiñeiro, a zona interior das provincias de Lugo e Ourense.

A ConSELLERÍA DO MEDIO RURAL participou en Madrid en varias reunións, organizadas polo Ministerio de Agricultura, do grupo de traballo de adversidades climáticas, e nestas se decidiu a convocatoria de axudas de liquidez ás explotacións por medio da subvención dos avais a explotacións que tiveron danos climáticos, tanto se tiveran un seguro contratado como as que non o tiveran.

Realizouse unha valoración de danos por zonas para que a finais de ano se poda facer unha proposta ao Ministerio de Facenda para realizar unha diminución dos módulos do IRPF naquelas zonas mais afectadas polas xeadas. Ademais realizáronse xestións para a convocatoria dunha liña de axudas de liquidez e moratoria ás explotacións afectadas por danos climáticos adversos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:21:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/09/2017 12:29  
Nº Rexistro: 17856  
Data envío: 29/09/2017 12:29:48.424  
Data 29/09/2017 12:29

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 9990**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para dotar dos medios solicitados os centros de investigación agraria e forestal, o impulso do protagonismo e coordinación dos centros de investigación agraria das administracións con competencias en Galicia e o fornecemento de estabilidade ás liñas de investigación deses centros, principalmente en materia de prevención e control de pragas**”, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural** que ten o seguinte contido:

“Na actualidade a Consellería de Medio Rural ten dúas liñas de traballo de investigación abertas.

Da primeira encárgase a Estación Fitopatolóxica de Areeiro, dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, a través de un convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural, onde existe a Unidade de Nematodos que se dedica ao diagnóstico e ao control dos nematodos fitopatóxenos, e dentro deles do *Bursaphelenchus xylophilus* (nemato do Piñeiro), realizando prospeccións anuais nas masas de coníferas e serradoiros e industrias da madeira, para detectar a súa presenza na nosa comunidade.

Da segunda encárgase o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF de Lourizán) dentro do seu departamento de silvicultura e mellora no laboratorio de tolerancia e/ou resistencia a patóxenos forestais. O seu obxectivo é chegar a atopar material resistente ou tolerante á enfermidade dentro das poboacións de mellora dos programas de mellora galegos de *Pinus pinaster* e *Pinus radiata*, material xa mellorado por outros caracteres de interese. O fin último é obter material resistente ou pouco susceptible para fornecer ao sector. Ademais, estúdanse os posibles factores causantes da devandita resistencia ou tolerancia.

Neste senso, dende ano 2011, no CIF de Lourizan vénense desenvolvendo diferentes proxectos como o caso do proxecto RTA2011-069-C3 Nemopin (2011-2014); e o proxecto RTA2014-042-C Nemocontrol (2014-2018).

O CIF de Lourizán, en relación á prevención e ao control, presentou ás convocatorias de proxectos do INIA un novo proxecto denominado Nemoplan para traballar na mesma liña e aumentar o coñecemento e o impacto potencial da expansión da praga sobre o sector forestal, a virulencia de distintas cepas do nematodo, e o grao de resistencia/tolerancia das familias dos programas de mellora galegos de *P. pinaster* e *P. radiata* en comparación con outros materiais que actualmente se comercializan.

No 2017 a Consellería do Medio Rural está a realizar un esforzo para incrementar os recursos adicados a loita contra o nematodo da madeira do piñeiro. Concretamente desde o día 1 de xaneiro temos dous equipos en campo, na zona demarcada de 20 km a redor do punto positivo no que se están a identificar e mostrear todos os árbores sensibles que se atopen secos ou decaídos, e posteriormente todas estas mostras son enviadas ao laboratorio para a determinación da presencia do nematodo. A posición xeográfica destas árbores identificados é enviada a empresa que realiza a cortas na zona demarcada para que proceda a súa corta e destrucción.

Por outra banda no mes de marzo colocáronse case 1.000 trampas en toda a zona demarcada e nas zonas limítrofes con Portugal para realizar as capturas do insecto vector (*monochamus galloprovincialis*) na época de voo que vai do mes de abril ao mes de outubro. A eliminación de individuos que transmiten a praga é unha das medidas mais eficaces para evitar a propagación desta. A finais de agosto tiñamos capturados máis de 3.000 individuos nestas trampas que son enviadas ao laboratorio para a identificación de posible presencia do nematodo.

A Consellería ten disposto un orzamento plurianual que permitirá unha maior eficacia nos traballos de control e erradicación do nematodo do piñeiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:29:42



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Data 02/10/2017 11:12

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 11220**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre “**a valoración da Consellería do Medio Rural respecto da opinión manifestada pola Unión Europea diante das medidas adoptadas polos Gobiernos central e galego en relación co avance da praga de couza guatemalteca da pataca, os prazos que está a estimar para a súa erradicación e as razóns da demora na convocatoria da comisión de seguimento, así como os avances e conclusións acadadas por esa comisión**”, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural realiza un seguimento exhaustivo da evolución da incidencia da praga da couza guatemalteca da pataca, mediante a colocación e revisión das trampas colocadas nas parcelas e almacéns situados nos 31 concellos das zonas infestadas, nos concellos da zona tampón, nos concellos da zona da Limia e de Bergantiños, e por último, no resto de Galicia.

Da evolución do número de capturas nas trampas colocadas nos concellos da provincia da Coruña, pódese afirmar que aínda que seguen a existir pequenos focos illados nalgún concello da zona infestada, o número de capturas é moi baixo e a evolución é cada vez a menos, polo que se entende que aínda que sexa necesario aplicar o principio de prudencia e respectar os prazos establecidos na normativa, a praga pode considerarse nestes momentos controlada, a espera a que se contemplen todas as tarefas establecidas no Real decreto e no Plan de Acción que poidan conducir a erradicación total nos prazos establecidos.

Durante os meses de maio, xuño e parte de xullo, a Consellería do Medio Rural procedeu a desenvolver un operativo para recoller nas explotacións dos 31 concellos infestados toda aquela pataca declarada polos agricultores, xa fose pataca de consumo producida nestas zonas, pataca de semiente mercada e non plantada ou a procedente das plantacións xa realizadas antes da entrada en vigor da normativa nacional.

Unha vez rematada a recollida de todas estas cantidades, procedeuse a revisar todo o territorio dos concellos infestados na procura de plantacións existentes de patacas, das que os seus propietarios non fixeran a correspondente declaración.

O 30 de xuño de 2017 reuníuse a comisión técnica de seguimento da couza guatemalteca da pataca, na que están representados, ademais da Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e a Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia. Este ente naceu co obxectivo de compartir a información ao respecto das medidas de control que se están levando a cabo, así como da evolución da praga. No mes de xullo, a Consellería do Medio Rural comezou a abonar as indemnizacións pola retirada de pataca nas zonas afectadas pola praga da couza guatemalteca".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 11:12:45



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18067  
Data envío: 03/10/2017 15:16:08.248  
Data 03/10/2017 15:16

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 13183 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre “**a implantación do título de grao en Criminoloxía na Universidade de Santiago de Compostela**”, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 14.09.2017 ao darlle resposta á pregunta 13182 sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:16:03



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18066  
Data envío: 03/10/2017 15:15:59.264  
Data 03/10/2017 15:15

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 13238 formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a titulación de Criminoloxía da USC e a posibilidade de transformala nun Grao Oficial**”, (publicada no BOPG número 168 do 4 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 14.09.2017 ao darrle resposta á pregunta 13182 sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:15:54



XUNTA DE GALICIA

